

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCION**:

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE**

D. Jose Juan Barreiro Prado.

**VOCAIS**

D. Antonio Gomez Pacios.

D. Serafin Quinteiro Blanco.

D. Luis M<sup>a</sup> Muiños Vidueira.

**VOCAIS REPRESENTANTES DA  
COMUNIDADE VECIÑAL DE S. DE  
OLIVEIRA. PONTEAREAS**

D. Ramiro Bargiela Pellon.

D. Salvador Delio Gonzalez  
Fernandez.

**SECRETARIA**

D. Ramona C. Fernandez  
Alvarez.

Na cidade de Pontevedra , sendo as dezasete horas do día vintedous de decembro de mil novecentos noventa e catro, coa asistencia dos señores ó marxe reseñados reúnese o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais ó obxecto de decidir sobre a Clasificación dos montes "Fraga do Rei, Pedreira e Coto de Amaro", sitos na Parroquia de Santiago de Oliveira, Concello de Ponteareas.

1º.- A Xunta Rectora da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común, da Parroquia de Santiago de Oliveira , Concello de Ponteareas solicitou a Clasificación dos montes "Fraga do Rei, Pedreira e Coto de Amaro", que quedáronse sen clasificar na Resolución do Xurado de montes de data 5 de decembro de 1979.

Tratase de restos ou pequenas parcelas de monte residuais que por estar enclavadas entre fincas de particulares non procedeuse a súa Clasificación. Compre manifestar que da documentación histórica aportada non ofrecen dúbidas sobor o carácter dos mesmos, que foron sempre aproveitados polos veciños da parroquia, figurando nos censos ou inventarios como de propiedade do comun dos veciños .

2º.- No informe remitido polo Xefatura de Producción Forestal faise constar que son aproveitados polos veciños, existindo naqueles algunhas arbores aillados e toxales que son explotados polos veciños asi como o esquilmes dos mesmos, sen facer relevancia a ningunha outra consideración.

3º.- Solicitada a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade non figuran inscritos a nome de ninguen, practicandose a correspondente anotación preventiva na citada oficina pública.

4º.- No trámite de alegacións personouse o Concello de Ponteareas con dous escritos. Nun deles fai referencia a existencia no monte "Fraga do Rei", duns xacementos arqueolóxicos, remitindo un traballo ou informe do arqueólogo D. Juan José Perles Fontao. O certo é que no devandito informe sinalase, que un deles non catalógase como xacemento debido a non parecer unha zona clara de concentración; noutro dícese que o xacemento aparece totalmente modificado polas labores de escalonamento para sua repoboación, e no último deles sinalase que existen moitas dúbidas se o mesmo poder<sup>se</sup> unha floración natural. O certo é que verificada unha visita no monte sinalado os citados xacementos encontráronse fora do perímetro da que a Clasificación solicitase, estando aqueles situados no denominado lugar de Castromao e incluídos na clasificación por resolución do Xurado Provincial de data 5 de decembro de 1979, coa denominación xenerica de montes de Santiago de Oliveira.

Polo que respecta a existencia dun Colexio Público no monte de "Fraga do Rei", na reclamación que fai o Concello, despois dun examen do lugar donde o mesmo esta emplazado, compre manifestar que o mesmo encontrábase fora do perímetro do citado monte, no lugar denominado da "Pedreira", pertencente ós montes xa clasificados.

5º.- Os montes obxeto deste expediente de Clasificación obedece a seguinte descripción:

NOME DO MONTE: FRAGA DO REI

LINDES

NORTE.- Regato, camiño público e propiedade de Manuel Rodríguez.

SUR.- Montes particulares de Perla Gonzalez, Angel Garcia e M<sup>a</sup> Cruz Redondo e propiedade de Angel Crespo e Generoso Rodríguez.

LESTE.- Regato.

OESTE.- Estrada.

CABIDA.- 1,5 Has.

NOME DO MONTE: PEDREIRA

LINDES

NORTE.- Lugar habitación de Consuelo Rodriguez Rodriguez, montes de Alejandro Rodriguez Rodriguez e Alicia Martinez Berta.

SUR.- Monte de Rodolfo Penabella.

LESTE.- Terreos do Torreiro da Virgen do Socorro.

OESTE.- Montes de Dorinda Rabuñade Fornos, Pilar Dominguez Fornos e Consuelo Rodriguez Rodriguez.

CABIDA.- 0,9 Has.

NOME DO MONTE: COTO DE AMARO

LINDES

NORTE.- Herdeiros de Amadeo Novoa e outro.

SUR.- Propiedades de Constantina Fernandez Alfaya.

LESTE.- Camiño que separa de propiedades de Dolores Fernandez.

OESTE.- Camiño asfaltado que enlaza a estrada nacional actual coa antiga.

CABIDA.- 0,15 Has.


Os membros do Xurado acordan por unanimidade , a Clasificación como Veciñais en Man Común , dos montes " Fraga do Rei, Pedreira e Coto de Amaro", a favor da comunidade veciñal da Parroquia de Santiago de Oliveira, do Concello de Ponteareas, dado que reunen os requisitos previstos na Lei 13/89 de Montes Veciñais en Man Común , no seu artigo 1 e no mesmo artigo do seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/92 de 4 de setembro, pois tanto historicamente como na actualidade , veñense aproveitando pola comunidade veciñal da Parroquia de Santiago de Oliveira, do Concello de Ponteareas, coa superficie e lindes que aparecen recollidas na presente Resolución e coa descripción gráfica que figura no plano que a mesma se incorpora , formando parte inseparable da mesma firmado no seu reverso polos membros do Xurado .

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES , dende a notificación da mesma ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 58 da Lei Reguladora da antedita xurisdicción en relación co artigo 12 da Lei 13/89 do

Parlamento de Galicia de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común, e o artigo 28 do seu Regulamento aprobado por Decreto 260/92 de 4 de setembro, modificados ambos preceptos pola Lei 30/92 de 26 de novembro do Rexime Xurídico das Administracións Públicas, e do Procedemento Administrativo Común.



*[Handwritten signatures in black and blue ink]*



COTO DE AMAROS  
Sup. 0.15 Has.

FRAGA DO RENO  
Sup. 1.50 Has.

PEDREIRA  
Sup. 0.90 Has.

MONTES CUYA CLASIFICACION SE SOLICITA POR  
LA PARROQUIA DE SANTIAGO DE OLIVEIRA  
PONTEAREAS  
ESCALA 1 10.000

545.000

546.000

8° 2

*[Handwritten signature]*  
*[Handwritten signature]*  
*[Handwritten signature]*  
*[Handwritten signature]*



*[Handwritten signature]*

